

CADRO RESUMO DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE HA DE REXER A CONTRATACIÓN DE SUBMINISTRACIÓNS POLO CONCELLO DE ORTIGUEIRA MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO SUMARIO (CADRO RESUMO - PCAP)

Exp. núm.: 1861/2024

A.- PODER ADXUDICADOR

- Administración contratante: Concello de Ortigueira
- Órgano de contratación: Alcaldía
- Servizo xestor: Servizos Sociais.
- Responsable do contrato: Norma Santiago Pereira, Traballadora social
- Perfil de contratante: <https://contrataciondeestado.es>
- Dirección do órgano de contratación: Praza de Isabel II, s/n, Ortigueira. 15330 (A Coruña) Tfno. 981400000. Fax: 981402536
- Correo electrónico do órgano de contratación: secretaria@concellodeortigueira.com

B.- PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN, TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE E FORMA DE PRESENTACIÓN DE OFERTAS

- Tipo de contrato: SUBMINISTRACIÓN
- Cabe recurso especial: NON
- Contrato suxeito a regulación harmonizada: NON
- Tipo de procedemento: ABERTO SIMPLIFICADO SUMARIO
- Tramitación: ORDINARIA
- Forma e prazo de presentación de ofertas: (cláusula 17 do PCAP)

Forma: Electrónica, única e exclusivamente a través da Plataforma de Contratos do Sector Público, segundo a cláusula 17 do PCAP.

Prazo: **10 días hábiles** a contar desde o seguinte á publicación no perfil do contratante do anuncio de licitación

Documentación a presentar: Sobre UNICO co seguinte contido (Cláusula 18 do PCAP):

- Anexo I – Declaración responsable e oferta económica.
- Referencias técnicas: **SI** – Incluirase a ficha técnica actualizada dos equipamentos a subministrar, na que consten as características indicadas no Prego de Prescricións Técnicas e memoria valorada. Para estes efectos achegarase o catálogo oficial ou certificado do fabricante. **A falta de presentación desta ficha técnica, será causa de exclusión da oferta.**

C.-DEFINICIÓN DO OBXECTO DO CONTRATO

- Necesidade a satisfacer:

Concello de Ortigueira

Plaza de Isabel II, s/n, Ortigueira. 15330 (A Coruña). Tfno. 981400000. Fax: 981402536



Dispor de diverso equipamento, concretamente camas articuladas e grúas de traslado para cesión de uso ás persoas que necesiten este material asistencial para a súa vida diaria valorado polos profesionais dos servizos sociais comunitarios cando carezan de medios económicos suficientes para a cobertura destas necesidades

- **Obxecto do contrato:**
Subministración de dez camas articuladas con bandas e con colchón viuelástico, e dez grúas de traslado, segundo o prego de características técnicas asinado pola Traballadora Social Norma Santiago Pereira con data 22.01-2024 (CV ALJNT95HHHEKCNC5ZWKLPCDJR)
- **División en lotes:** Non
A subministración proxectada constitúe unha unidade funcional e indivisible non susceptible de división en lotes.
- **Código CPV:** 33192000-2.-Mobiliario para uso médico

D.- ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN

Orzamento base de licitación (IVE incluído): 25.000,00 €

E.- VALOR ESTIMADO

Orzamento sen I.V.E.: 21.487,60 €
Importe modificacións previstas sen I.V.E.: 0
Importe das prórrogas previstas sen I.V.E.: 0
Importe prima ou pagos a contratistas.: 0

Valor estimado total: 21.487,60 segundo o seguinte desglose

Artigo	Importe sen IVE	IVE 21%	IVE 10%
Camas articuladas	12.396,7	2.603,30	0,00
Grúas de traslado	9.090,9	0,00	909,10

Xustificación da estimación do valor: Tendo en conta as sondaxes de mercado realizadas nas distintas páxinas web dos principais fabricantes de subministracións obxecto do concurso.

F.- RÉXIME DE FINANCIAMENTO E ANUALIDADES:

- Existencia de crédito: RC núm. Operación 220240012012
- Aplicación orzamentaria: 231 629
- Réxime de financiamento:

Deputación Provincial de A Coruña (POS ADICIONAL 1/2024 paga gastos sociais extraordinarios.	25.000,00 €
--	-------------

- Gasto plurianual: NON

Concello de Ortigueira

Plaza de Isabel II, s/n, Ortigueira. 15330 (A Coruña). Tfno. 981400000. Fax: 981402536



- Tramitación anticipada: NON

G.- PRAZO DE EXECUCIÓN OU DURACIÓN E LUGAR DE ENTREGA

- Duración do contrato: Ata recepción, sen prexuízo do período de garantía
- Prórroga: Non
- Prazos de entrega: 1 mes a contar dende a notificación da resolución de adxudicación do contrato
- Prazo mínimo de garantía: 24 meses
- Presentación de programa de traballo: NON
- Lugar de entrega das subministracións: Nave municipal sita no Polígono de Cuiña.

H.- ADMISIBILIDADE DE VARIANTES. NON

I.- CONDICIÓNES ESPECIAIS DE EXECUCIÓN

Tipo: Social

Especificación:

Promover o emprego de persoas con dificultades particulares de inserción no mercado laboral.
Eliminar desigualdades entre homes e a mulleres.

Combater o paro.

Favorecer a formación no lugar de traballo.

Cumprimento das Convencións fundamentais da Organización Mundial do Traballo.

Os gastos derivados destas condicións especiais serán de conta do contratista.

As condicións especiais de execución sinaladas neste punto terán o carácter de obrigacións contractuais esenciais para os efectos sinalados na letra f) do artigo 211 LCSP e serán esixidas igualmente a todos os sub-contratistas que participen na execución do mesmo.

Os produtos e os seus accesorios deberán estar conformes no momento no que se realice a subministración coa normativa que lle sexa de aplicación constando a declaración do fabricante que acredite o cumprimento das normas técnicas de aplicación obrigada, marcado CE e certificado de conformidade correspondente. Normativa e lexislación aplicable: UNE-ISO 21801-1:CTN Produtos de apoio para persoas con discapacidade e demais normativa vixen

J.-REVISIÓN DE PREZOS. NON

- Fórmula de revisión: Non procede

K.-GARANTÍA

- Provisional: NON
- Definitiva: NON (exenta, de acordo co artigo 159.6 f da LCSP).

L.-ADSCRICIÓN OBRIGATORIA DE MEDIOS: NON

M.-CONDICIÓNES DE SUBCONTRATACIÓN.

- Obriga de indicar na oferta a parte do contrato que os licitadores teñan previsto sub-contratar: **NON**

Concello de Ortigueira

Plaza de Isabel II, s/n, Ortigueira. 15330 (A Coruña). Tfno. 981400000. Fax: 981402536



- Tarefas críticas que non admiten sub-contratación: NON

N.-MODIFICACIÓNS CONTRACTUAIS PREVISTAS: NON

Ñ.- DATOS DE FACTURACIÓN

Entidade contratante: Concello de Ortigueira
Órgano de contratación: Alcaldía - CÓDIGO DIR3: L01150618
Órgano con competencias en materia de contabilidade: Intervención municipal - CÓDIGO DIR3: L01150618
Destinatario da prestación - Concello de Ortigueira - CÓDIGO DIR3: L01150618

O.-SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCEIRA E TÉCNICA, CLASIFICACIÓN E HABILITACIÓN EMPRESARIAL

O.1 Solvencia:

Los licitadores están exentos de su acreditación (art. 159.6 LCSP)

O.2- Habilitación empresarial: NON

P.- UNIDADE TÉCNICA DE CONTRATACIÓN:

Conforme ao disposto no artigo 159.6.b) da LCSP, a valoración das ofertas realizarase coa colaboración dunha unidade técnica que auxilie ao órgano de contratación integrada polos seguintes membros:

María Luisa Sierra Vale, funcionaria administrativa
Javier López Mera, secretario municipal
Silvia Lamelas Soto, interventora municipal

Q.- CRITERIOS DE VALORACIÓN DAS OFERTAS:

Criterios avaliados mediante a aplicación de fórmulas:

Q.1. Criterios económicos

Menor prezo: ata 75 puntos.

Calcularase aplicando a fórmula elaborada polo Departamento de Matemática Aplicada da Universidade de Santiago de Compostela¹ (<https://www.dacoruna.gal/contratacion/valoracion>) Fórmula 2020.

Para este proceso de cálculo utilizaranse números de 2 decimais, aplicando o redondeo que por exceso ou defecto correspondan

Q.2. Criterios cualitativos.

A) Ampliación do período de garantía: ata 5 puntos.

Valorarase o incremento en tramos do prazo de garantía mínimo de 2 anos, segundo os seguintes parámetros.

1. Ampliación de 1 ano: 5 puntos
2. Ampliación de 6 meses: 2,5 puntos

¹ Fórmula especificada no documento anexo e no enlace web indicado



3. Ampliación inferior a 6 meses: 0 puntos

B) Tempo de entrega de repostos de produtos defectuosos durante o período de garantía : **ata 12 puntos**

1. Inferior a 15 días laborais: 12 puntos
2. De 16 días laborais a 30 días laborais: 6 puntos
3. Mais de 30 días laborais: 0 puntos

C) Tempo de reparación do material durante o período de garantía: **ata 8 puntos**

1. Hasta 24 horas laborais: 8 puntos
2. Desde 24 horas laborais hasta 48 horas laborais: 4 puntos
3. Más de 48 horas laborais: 0

A puntuación máxima será de 100 puntos.

R.- CRITERIOS PARA A DETERMINACIÓN DE OFERTAS CON VALORES ANORMAIS OU DESPROPORCIONADOS

R.1.- Ofertas con valores anormais ou desproporcionados.

Considerarase, en principio, como anormal ou desproporcionada a baixa de toda proposición económica cuxo criterio prezo atópese nalgún dos supostos establecidos no artigo 85 do Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas. No suposto de detectar algunha baixa desproporcionada estarase ao disposto no artigo 149 LCSP e na cláusula 15 do PCAP.

Considérase que os criterios distintos ao prezo non teñen relevancia económica suficiente para influír na determinación de ofertas presuntamente temerarias, atendendo ao obxecto do contrato.

R.2.- Criterios obxectivos para apreciar se a oferta é anormalmente baixa: No suposto de detectar algunha baixa desproporcionada estarase ao disposto no artigo 149 LCSP e na cláusula 15 do PCAP.

O alcalde
José Valentin Calvin Fondevila
Documento asinado electronicamente

